



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza solicitará un pleno extraordinario para abordar a deficiente atención sanitaria en Cuntis

Veciñanza considera que a actitude do SERGAS é 'unha tomadura de pelo' e reclámalle ao Goberno local firmeza e determinación fronte á Consellaría de Sanidade. Solicitará a convocatoria dun pleno extraordinario para abordar a situación e propoñer medidas a tomar.

Cuntis, 1 de agosto de 2017. **Veciñanza considera 'unha tomadura de pelo' a actitude do Sergas a respecto dos problemas que presenta a atención sanitaria en Cuntis. Non é certo que o acontecido nos últimos días sexa un caso puntual nin é certo que a atención sexa eficaz**, pois a Consellaría de Sanidade non cobre as ausencias dos/as facultativos/as e moitas veces os/as que hai vense desbordados/as. **As queixas entre os veciños e veciñas de Cuntis son unha constante e non se limitan ao que pode acontecer nun día puntual durante un par de horas.** Pode comprobarse no atraso que é habitual para conseguir unha cita que chega a superar a semana dende que se solicita. Ademais disto, a Consellaría non pode escusarse no carácter regulado que teñen os permisos que xeran as ausencias dos/das facultativos/as, pero debe planificar de tal xeito que as consecuencias non repercutan nos/as veciños/as de Cuntis. **Todos os luns o centro de saúde conta coa ausencia fixa dun dos tres médicos que prestan servizo.**

Este malestar non é novo, pero agudízase cando a situación chega ao extremo de non contar con ningún médico/a no centro de saúde. Existe constancia de queixas xa no ano 2008, cando xa era unha demanda unánime a incorporación dun/dunha médico/a máis. Dende aquela, é ben sabido que a situación da sanidade pública en Galicia non fixo máis que deteriorarse. O Goberno do Partido Popular acentuou os seus recortes nesta área e as consecuencias padécense no día a día, sendo o empobrecemento da atención primaria unha consecuencia directa.

Máis recentemente, en decembro do ano 2015, [Veciñanza xa daba voz a esta situación e ás queixas veciñais instando nun pleno ao Alcalde a tomar cartas no asunto](#). Á vista de que esta situación volve a repetirse, **Veciñanza reclámalle firmeza e determinación ao Grupo de Goberno ante a Consellaría de Sanidade para facer valer o dereito a unha prestación sanitaria digna e completa dos veciños/as de Cuntis. Veciñanza solicitará a convocatoria dun pleno extraordinario para abordar en exclusiva a atención sanitaria**





veciñanza

nota de prensa

en Cuntis e para propoñerlle ao resto de grupos políticos unha fronte común en defensa dunha atención sanitaria completa non noso municipio.

